MANIFESTO

En lembranza e solidariedade coas familias, compañeiros e compañeiras dos brigadistas falecidos na extinción do lume de Fornelos de Montes (Pontevedra) o día 13 de agosto.
Elaborado polos traballadores e traballadoras do Distrito Forestal XII, Miño-Arnoia (Ourense)

Tendo en consideración o seu cariño ao monte, o traballo que realizaron na conservación dos ecosistemas forestais e a sensibilidade que tiñan tanto Julio Martínez da Silva como Rodrigo Amo González, sabendo que eran participes das mesmas inquedanzas que os que hoxe aquí nos concentramos, SOLICITAMOS das Administracións Públicas e do conxunto da sociedade o seguinte:

_ Cumprimento da Lei de Prevención de Riscos Laborais. Posta en marcha de forma inmediata do imprescindible Plano de Prevención de Riscos Laborais nos Servizos Forestais da Xunta de Galicia e en tódalas empresas do sector.

_ Formación axeitada de tódolos traballadores e traballadoras que se dedican a labore de prevención e extinción de incendios forestais.

_ Substitución inmediata dos medios e materiais obsoletos por equipamentos axeitados para mellorar a nosa eficacia, a protección dos ecosistemas forestais e a protección colectiva da cidadanía.

_ Información puntual dos lumes que se producen en Galicia, dos seus efectos, superficies afectadas e dos medios usados para a súa extinción. Temos unha sociedade avanzada a que hai que informar do que acontece, dos atentados contra o noso patrimonio natural fuxindo de sensacionalismos e alarmismos “agochar a realidade non axuda a solucionar o problema”.
A falla de información e o silencio premeditado é un insulto para os traballadores e traballadoras forestais de Galicia que vemos como debido a esa estratexia política de desinformación non se valora o traballo que realizamos.

_ Posta en marcha de campañas de educación-sensibilización dirixidas ao conxunto da sociedade. “Non se valora o que non se coñece”, po iso parte da sociedade vive de costas ao monte e non valora na súa xusta medida o patrimonio natural.

_ Incremento dos investimentos no sector forestal recuperando o imprescindible binomio “prevención-extinción”, rachar co circulo vicioso de “máis incendios, máis medios, máis incendios…” posta en marcha dunha política forestal tendente a evitar que os incendios forestais non se produzan para non ter que apagalos.

_ Rematar coa impunidade con que actúan os incendiarios. A cada un dos lumes forestais (delito recollido no Código Penal) débeselle por nome e apelidos. Investigación das causas dos incendios aproveitando tódolos recursos con que contan as Administracións Públicas mediante a elaboración do correspondente protocolo.
Esiximos, no caso do lume de Fornelos onde perderon a vida os nosos compañeiros, se cabe, un maior esforzo para por en man da xustiza o homicida ou homicidas responsables da morte de Julio e Rodrigo.

Sabemos ben que todo o dito anteriormente non se pode acadar se non hai vontade política dos actuais gobernantes. Esiximos a actual Xunta de Galicia, igual que fixemos

cos anteriores Gobernos galegos, que diante do enésimo fracaso da política de loita contra os lumes, correspóndelle ao actual Goberno atopar canles de diálogo e participación para consensuar co resto de partidos políticos e representantes sociais unha política forestal e de prevención-extinción de incendios axeitada.

O lume forestal ten que deixar de ser unha ferramenta arroxadiza duns contra outros. Máis de 40 anos de fracasos dos distintos Gobernos e do conxunto da sociedade galega non se pode aturar por máis tempo.

Un desexo que todos e todas compartimos é, ogallá non teñamos que volver a ter que concentrarnos por feitos como os acontecidos en Fornelos de Montes na noite do pasado día 13 de agosto.

Nós, os traballadores e traballadoras forestais, seguiremos facendo o noso traballo da mellor maneira posible, contribuíndo a conservar os ecosistemas do noso país, mais, ídesnos permitir que fagamos unha última solicitude REMATAR COA EIVA INCENDIARIA É POSIBLE E PARA ELO É IMPRESCINDIBLE A COLABORACIÓN DO CONXUNTO DA SOCIEDADE, pedimos unha vez máis a vosa colaboración.

Moitas grazas a todos e a todas

Ourense, 16 de agosto de 2010